




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Boiro. Parroquias: repartidas entre San Cristobo de Abanqueiro no extremo sur, cunha pequena área correspondente a Santa María de Castro, outra franxa en Santa Baía de Boiro ao oeste, e San Vicenzo de Cespón norte. Extensión: 8,78 qm².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade diferenciada en dous sectores: ao norte baixo o dominio das rochas metamórficas e ao sur das graníticas. Ao sur a liña costeira é recortada e rochosa, presentando pequenas calas que coinciden coas áreas de depósito de materiais holocenos, e promontorios que se identifican cos granitos hercínicos. Ao norte, no interior da Enseada de Rianxo, a aparición de xistos e paragneises xera unha liña costeira máis suave, dominada por cantís activos de escasa altura. A chaira costeira é ampla en toda a unidade, estreitándose entre a costa e as ladeiras da alineación montañosa do Monte Pedroso, cunha disposición NNE.-SSO., no centro-este.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A parte máis ao S., nas áreas de O Chazo e Praia de Ladeira, contén granodiorita biotítica con megacrists tardihercínica. Ao N. desta, entre Punta Angados e Porto de Budión, aparece o Dominio plutónico hercínico, un granitoide migmático con áreas graníticas homoxéneas e outras nebulíticas. Praia e porto de Budión contan cunha banda SE.-NO. de granodiorita precoz con megacrists, acompañada, no porto, por un filón de aplitas. Entre Punta Angados e Punta de Mañóns hai unha banda NNO.-SSE. de ortogneis glandular prehercínico, e un pequeno sector ao SE. de Triñáns coa granodiorita precoz. A parte centro-norte, norte e a península de Abanqueiro entran na área dos xistos e paragneises do Complexo de Noia (Precámbrico-cámbrico). Nela, na zona de Ferreiros, aparece unha banda NNO.-SSE. de granito de dúas micas de gran medio. O Cuaternario conta con sedimentos intermareais e con amplos depósitos detríticos procedentes da meteorización do granito (parte S. da unidade e península de Abanqueiro).

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A costa de Rianxo inclúese no ambiente climático Cálido e Húmido: temperatura media anual superior a 15°C, precipitacións acumuladas durante o ano de 1200mm a 1400mm, e oscilación térmica con valores medios entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Importante presenza de arenosos nos depósitos sedimentarios costeiros da parte sur da unidade. No resto hai que destacar o dominio dos chans evolucionados tipo cambisol eútrico en relación coa paisaxe achandada que caracteriza a maior parte da franxa costeira, quedando relegados os chans máis pobres do tipo umbrisol ás ladeiras dos montes do sector occidental (montes Pedroso e do Sar).


AS AUGAS

A Enseada de Rianxo presenta unha ampla chaira costeira alternando con pequenas elevacións do terreo, polo que a rede de drenaxe organizárase en forma de pequenos arrosos que verten ao mar utilizando as liñas de debilidade litolóxica, principalmente nas praias de Mañóns, Agañán e Budión. As Augas Costeiras da unidade están clasificadas según o código 20160 ao sur da Punta de Portomouro, pero ao norte recoñécense como Augas de Transición da Ría de Arousa (20476).

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte costeira mixta de dominio sedimentario, destacando as praias de Ladeira, Mañóns e San Vicenxo-Riba de Mar. Son importantes en toda a fronte costeira os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou fangosos intermareais e submareais someros, ademais do 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. As dúas primeiras praias conteñen, moi degradados, hábitats dunares atlánticos (grupo 21). Existen pequenas áreas de marisma (grupo 13), sobre todo cara ao interior da enseada de Beluso. En Exipto destaca unha pequena lagoa (1150). Os tramos acantilados, baixos, presentan un hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, moi transformado. A horizontalidade da chaira costeira fai que, calquera pequeno arroyo ou concavidade albergue bosques de ribeira (91E0), aínda que con frecuencia aparecen en masas mixtas con especies de repoboación. Por exemplo, a existente no Rego de Cais, entre Pazos e Nine. Os rodais de recolonización apóianse no abandono agrícola destas áreas de hidromorfía estacional acusada.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso máis importante está ligado ao sector pesqueiro con presenza de fábricas conserveiras, cetáreas, talleres de bateas, nalgúns casos provistas de dársenas ou peiraos e unha fábrica conserveira xunto a plantas de coxeneración. Existen outras naves industriais espaxadas pola unidade. A presenza de espigóns e pantaláns de escasa entidade tamén relacionan a unidade co sector pesqueiro. A fonte da que se nutre este sector provén principalmente dos bancos marisqueiros e as bateas mexilloeiras. A superficie agraria composta por pequenas explotacións vinculadas a vivendas unifamiliares é interrompida por asentamentos espontáneos e os equipamentos anexos, áreas recreativas, deportivas e masas de arboreda, o maior continuo forestal sitúase ao norte da unidade.

MORFOLOXÍA

Os núcleos rurais máis destacables polo seu carácter tradicional e por estar máis concentrados son os de Abranqueiro (NIL), A Igrexa, Brión e Ferreiros (NIL). O resto dos asentamentos tradicionais presentan un carácter pouco concentrado, esta circunstancia viuse incrementada polos crecementsos recentes de tipo lineal ao longo das vías de comunicación que os unen, non chegando a xerar un núcleo compacto nin continuo e mostrando gran diversidade na morfotipoloxía edificatoria sen atender a un patrón determinado, aínda que a maioría son vivendas de tipo residencial compostas de baixo e planta.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada CP-1104 bordea lonxitudinalmente a franxa costeira até enlazar coa AC-1101 no núcleo de Seán. Ambas estradas constitúen a rede viaria principal. Outros vieiros secundarios comunican e dan acceso aos asentamentos, numerosas pistas e camiños rurais estruturan o parcelario agrícola e dan acceso ás praias e a diferentes puntos de interese na liña costeira. Ao norte da unidade hai un tramo da vía VRG 1.1 de alta ocupación do Barbanza. Os espigóns, peiraos e embarcaderoiros repartidos pola franxa litoral permiten o acceso marítimo das pequenas embarcacións pesqueiras e de recreo.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Figuran diversos elementos da arquitectura civil tradicional como o Pazo de Agüeiro, casas tradicionais, pombais, hórreos e da arquitectura relixiosa como as cruces do Vía Crucis da Virxe de Exipto, cruceiros, as igrexas de Cespón e de Abranqueiro, a capela de Chazo e a ermida de San Martiño. Destaca unha romería na parroquia de Abranqueiro, de carácter un tanto relixioso, polo Vía Crucis e a capela da Virxe de Exipto, como lúdico festivo pola súa gastronomía e folclore popular. Como patrimonio arqueolóxico sobresa o castro de Neixón con algúns e os petroglifos repartidos por toda a unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe humana dominada pola industria conserveira. A enseada de Rianxo é o eixo sobre o que se vertebra a actividade socioeconómica; a industria relacionada co sector pesqueiro sitúase sobre o litoral. O relevo alisado da chaira costeira debuxa saíntes e promontorios sobre a costa, como as Puntas de Neixón e do Chazo, dotando de singularidade a paisaxe. O interior conserva o carácter rural que lle confiren os asentamentos e o parcelario agrícola dispostos de forma caótica e dispersa. O vínculo que manteñen as poboacións desta unidade coa comarca vese reforzado coa cercanía do núcleo de Boiro e a accesibilidade que ofrece a rede viaria.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta marxe da enseada de Rianxo é interrompido polo trazado da liña costeira que debuxan os promontorios, ofrecendo unha paisaxe pintoresca de pequenos areais e enclaves singulares. Embarcacións tradicionais salpicadas pola enseada amárranse aos espigóns e peiraos que sobresaen dos cantís entre os bosques e o parcelario agrícola próximo ao bordo litoral. Os núcleos de Abranqueira, A Igrexa, Brión e Ferreiros incorporan un carácter tradicional e cheo de ruralidade, reafirmando cos elementos do abundante patrimonio cultural e do folclore popular que mostran os seus exemplos máis representativos no Pazo de Agüeiro e a romería da Virxe de Exipto respectivamente. O castro de Neixón incorpora un elemento expresivo do patrimonio arqueolóxico da unidade. O valor natural maniféstase nas praias de Ladeira, Mañóns e San Vicenzo, ou os importantes hábitats en toda a fronte costeira dos bancos areosos e/ou fangosos intermareais e submareais someros. O promontorio de Neixón permite unha visión aberta da enseada de Rianxo e a marxe oposta da ría de Arousa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de recualificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.585

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29



